

ANUNCIO

CONSULTA PÚBLICA SOBRE A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

No BOP número 119 do 30 de xullo de 2020 publicouse o vixente Regulamento regulador da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal da Deputación Provincial da Coruña aprobado polo Pleno da corporación provincial na súa sesión de data 30 de abril de 2020.

Durante a súa vixencia detectáronse situacións que en ocasións dificultan a xestións das listas de agarda. Por isto, e aproveitando a experiencia destes anos na xestión do sistema de coberturas temporais, é preciso modificar a regulación para conseguir unha xestión de listas máis axeitada aos fins que se pretenden, conxugando os intereses da Administración e os dos candidatos que as integran.

O que se informa para dar cumprimento ao disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos.

As persoas interesadas e as potencialmente afectadas pola futura modificación do regulamento poderán opinar sobre os aspectos sinalados no dito artigo 133.1 da Lei 39/2015, no prazo de 10 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio.